

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O VALEDOR DO POBO, A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO E A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE PARA A CONSECUCCIÓN DO RECOÑECEMENTO DA RIBEIRA SACRA COMO PATRIMONIO MUNDIAL

En Santiago de Compostela, a 18 de xullo de 2014

REUNIDOS

Dunha parte, , Sr. D. José Julio Fernández Rodríguez, Valedor do Pobo (e.f.)

Doutra, Sr. D. José Ramón Gómez Besteiro, Presidente da Excma. Deputación Provincial de Lugo.

E doutra parte, Sr. D. José Manuel Baltar Blanco, Presidente da Excma. Deputación Provincial de Ourense.

As partes recoñecen ter plena capacidade para celebrar o presente Convenio e a tal efecto,

EXPOÑEN

Primeiro.- Que con data 14 de decembro de 2013 a Deputación de Ourense, a Deputación de Lugo e o Consorcio de Turismo da Ribeira Sacra asinaron un convenio que ten por obxecto colaborar para o desenvolvemento das actuacións necesarias para presentar ante o Centro do Patrimonio Mundial da UNESCO a proposta de inscrición da Ribeira Sacra (Lugo e Ourense) para a súa declaración como Patrimonio Mundial.

Segundo.- Que en base no antedito convenio, o Valedor do Pobo manifestou o seu compromiso de elaborar un informe técnico de posta en valor da Ribeira Sacra en Ourense e Lugo, da man dun grupo multidisciplinar de expertos.

Terceiro.- Que co presente acordo as partes asumen o compromiso de continuar realizando as actuacións para a consecución do recoñecemento da Ribeira Sacra como Patrimonio Mundial.

En virtude do sinalado anteriormente, os representantes, en nome das entidades ás que representan, están interesados en subscribir o presente Convenio de Colaboración, que se rexerá polas seguintes:

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- Obxecto.

Este convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre as partes asinantes para realizar os traballos técnicos que permitan a presentación da candidatura da Ribeira Sacra (Lugo e Ourense) para a súa declaración como Patrimonio Mundial.

SEGUNDA.- Ámbito territorial.

O ámbito de desenvolvemento dos traballos técnicos que son obxecto do presente convenio se refiren ás provincias de Lugo e Ourense, concretamente á zona da Ribeira Sacra.

TERCEIRA.- Duración do convenio de colaboración.

Este convenio surtirá efecto a partir da data da súa sinatura. A vixencia se manterá ata a completa terminación dos traballos técnicos definidos na cláusula cuarta do presente convenio, na forma e prazos que se determinen nos correspondentes contratos.

CUARTA.- Traballos técnicos.

Os traballos técnicos a desenvolver para a elaboración do documento da candidatura da Ribeira Sacra (Lugo e Ourense) co obxecto da súa declaración como Patrimonio Mundial serán desenvolvidos por expertos de recoñecido prestixio nas seguintes áreas temáticas principais:

1. Estudos sobre produción agrícola e formas de cultivo.
2. Estudos sobre xeografía física.
3. Estudos sobre edafoloxía.
4. Estudos sobre botánica.
5. Estudos sobre o patrimonio cultural (Historia, Historia da Arte, Arqueoloxía, Arquitectura e Antropoloxía).
6. Estudos sobre economía aplicada.
7. Estudos sobre produción vitivinícola.

Estes traballos técnicos a realizar, consistentes nos estudos temáticos anteriores e noutros traballos complementarios que poidan resultar necesarios para a elaboración e preparación da candidatura, conformarán posteriormente o documento técnico da mesma. Documento que a Xunta de Galicia enviará ao Ministerio de Cultura para a súa presentación polo Reino de España, unha vez aprobada polo Consello do Patrimonio Histórico Español, ante o Centro de Patrimonio Mundial para que sexa avaliada polo Comité do Patrimonio Mundial.

O alcance, obxectivo e contido dos estudos axustarase ás determinación técnicas que establecen as Directrices Prácticas para a aplicación da Convención do Patrimonio Mundial e ás que determine a Dirección Xeral do Patrimonio Cultural a través dos técnicos que designe para o seguimento e asesoramento dos traballos de elaboración da candidatura da Ribeira Sacra como Patrimonio Mundial.

Candidatura que en resumo debe atender aos seguintes obxectivos:

- Definir claramente a delimitación do ben proposto.
- Describir o ben.
- Delinear a súa historia.
- Enunciar o seu significado e por qué se acredita que demostra ter Valor Universal Excepcional potencial.
- Xustificar que o ben pode satisfacer un ou máis criterios dos recollidos no artigo 77 das directrices prácticas para a aplicación da Convención do Patrimonio Mundial sobre o valor Universal Excepcional.
- Expor o seu estado de conservación e como o mesmo está sendo documentado, seguido e estudado.
- Apuntar como a longo prazo o seu potencial Valor Universal Excepcional vai ser mantido e salvagardado por medio da protección legal e a xestión dos seus recursos e valores que testemuñan o seu valor, cal será a estrutura do proceso de xestión e o sistema a desenvolver, así como quen vai participar no mesmo.
- Diseñar como vai ser presentado ou interpretado o seu valor aos visitantes e outras persoas interesadas.

Cos resultados destes estudos o Valedor do Pobo elaborará un informe técnico de posta en valor da Ribeira Sacra en Ourense e Lugo.

QUINTA.- Achegas e compromisos das partes.

5.1 A Deputación Provincial de Lugo

En cumprimento do presente convenio de colaboración a Deputación de Lugo se compromete:

1. A achegar a cantidade máxima de 50.000,00 €, con cargo aos seus Orzamentos Xerais.
2. A tramitar os expedientes de contratación, para a realización dos estudos definidos na cláusula cuarta, na forma que se determine pola Comisión de Seguimento.

5.2 A Deputación Provincial de Ourense

En cumprimento do presente convenio de colaboración a Deputación de Ourense se compromete:

1. A achegar a cantidade máxima de 50.000,00 €, con cargo aos seus Orzamentos Xerais.
2. A tramitar os expedientes de contratación, para a realización dos estudos definidos na cláusula cuarta, na forma que se determine pola Comisión de Seguimento.

5.3 O Valedor do Pobo de Galicia

O Valedor do Pobo de Galicia asume as seguintes obrigas:

1. Coordinar e dirixir os traballos técnicos a desenvolver en base a este convenio en colaboración coa Dirección Xeral do Patrimonio Cultural da Xunta de Galicia, quen designará un equipo de técnicos especializados para o seguimento e asesoramento dos traballos da elaboración da candidatura da Ribeira Sacra como Patrimonio Mundial.
2. Realizar un informe de idoneidade para a contratación cualificada da realización dos traballos técnicos que permitan a presentación da candidatura da Ribeira Sacra (Lugo e Ourense) para a súa declaración como Patrimonio Mundial.

SEXTA.- Tramitación de pagos.

As cantidades comprometidas a través deste convenio, tanto pola Deputación de Lugo como pola Deputación de Ourense, se farán efectivas, por cada unha delas, en función das contratacións realizadas con base no acordo adoptado pola Comisión de Seguimento.

SÉTIMA.- Comisión de Seguimento.

De conformidade co disposto no artigo 6.3 da lei 30/1992, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, para o control da execución deste Convenio, para a súa supervisión, para o establecemento de criterios non previstos no convenio e para a solución de controversias que a súa interpretación poida motivar, créase unha comisión de seguimento integrada por representantes de cada unha das entidades asinantes.

Os membros da Comisión poderán delegar a súa representación e voto noutra persoa da súa mesma organización. Poderán asistir á Comisión como invitados, con voz pero sen voto, aquelas persoas que en cada momento se considere necesario.

O funcionamento da Comisión de Seguimento se acomodará ao disposto no Capítulo II do Título II da lei 30/1992, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

OITAVA.- Carácter do convenio de colaboración.

Ao presente convenio non lle é de aplicación a Lei de contratos do sector público á vista do disposto no artigo 4.1.c) do Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, que sinala que quedan excluídos do eido da citada lei "os convenios de colaboración que desenvolva a Administración Xeral do Estado coas entidades xestoras da Seguridade Social, as Universidades Públicas, as Comunidades Autónomas, as Entidades Locais, organismos autónomos e restantes entidades públicas, ou os que celebren estes organismos e entidades entre si, salvo que, pola súa natureza, teñan a consideración de contratos suxeitos a esta lei".

As partes comprométese a resolver de xeito amigable calquera desacordo que poida xurdir no desenvolvemento do presente convenio a través da Comisión Mixta constituída para o seu seguimento.

Este convenio ten natureza administrativa e rexerase pola normativa aplicable aos convenios interadministrativos de colaboración, sendo competente para entender nos litixios que puidesen xurdir a xurisdición contencioso-administrativa.

En proba de conformidade cos termos expostos, as partes comparecentes asinan para este só efecto e por triplicado, no mesmo lugar e data indicados no encabezado.

O VALEDOR DO POBO (e.f.)



José Julio Fernández Rodríguez

O PRESIDENTE
DA DEPUTACIÓN DE LUGO



José Ramón Gómez Besteiro

O PRESIDENTE
DA DEPUTACIÓN DE OURENSE



José Manuel Baltar Blanco